

VIA XIV

CURTAS

FESTIVAL DE VERÍN
INTERNACIONAL VI EDICIÓN


DO 4 O 12 DE SETEMBRO





Tamén podes ver o festival online a través do seguinte enlace de FESTHOME:

<https://tv.festhome.com/festivalv/fic-via-xiv>



www.verin.gal

ÍNDICE

- 02// Patrocinadores e colaboradores · Patrocinadores y colaboradores
- 03// Saúdas · Saludas
- 07// Xurado e Premios · Jurado y Premios
- 09// Programa
- 10// Actividades Paralelas
- 23// Guía de Curtas FIC Vía XIV 2021 · Guía de Cortos FIC Vía XIV 2021
- 50/ Equipo de traballo e Agradecementos · Equipo de trabajo y Agradecimientos





ORGANIZA:



PATROCINA:



COLABORADORES:



SAÚDA DO CONCELLO DE VERÍN

Na sexta edición do Festival Internacional de Curtas de Verín queremos facer nosa a frase do profesor Hubby no filme Intelixencia Artificial, dirixido por Steven Spielberg, cando aseguraba que “o máis grande don humano é a habilidade de perseguir os seus propios soños”. Por segundo ano consecutivo, contra vento e pandemia, dende as ribeiras do Támega queremos seguir perseguindo os nosos soños, e demostrar que se poden organizar eventos culturais, de xeito seguro e adaptados ás actuais restricións sanitarias.

E ademais, como en Verín tamén tomamos moi en serio a recomendación de James Stewart en A ventá indiscreta, dirixida polo inmortal Hitchcock, cando aconsellaba que “deberíamos deixar de ser tan miróns, e en troques de mirar tanto cara fóra dedicarnos máis a mirar cara ao interior”, este ano presentamos todo un despregue de talento interno, para atraer a mirada de directores de todo o mundo cara ao noso celeiro local. Animámosvos a todas e todos a desfrutar con Tierra de leche y miel, do noso veciño Héctor Domínguez-Viguera, do tamén verinés Iñigo Rolán Taboada, e da webserie ourensana Os tempos mortos do führer, todos eles produtos premium “made in Val de Monterrei”.

Convocamos a participar no VI FIC Vía XIV a todas e todos os amantes do cine, lembrándovos que, coa finalidade de optimizar ao máximo o acceso á nosa programación, este ano todas as curtas a concurso estarán dispoñibles online, mediante unha sala virtual. Do mesmo xeito, as actividades paralelas transmitiránse vía streaming, garantindo así que o público comparta connosco todas as novidades do programa sen risco.

Comezabamos a nosa andaina hai agora seis anos baixo a premisa de que, como se afirma en Prometheus, de Ridley Scott, “todas as grandes cousas teñen pequenos comezos”. Hoxe reflexionamos, no que respecta a presente edición, que non son tempos de medrar, senón de manterse. E para iso, contamos contigo. Moitas grazas por acompañarnos de novo nesta viaxe e desfrutar connosco das catro categorías a concurso, que representan o máis intrínseco da nosa alma de fronteira: Horizontes, Outra Mirada, A Raia e Nova. Moitas grazas a todas e todos por acompañarnos un ano máis.

Gerardo Seoane Fidalgo, alcalde de Verín, e Emilia Somoza Basalo, concelleira de Cultura.

SALUDA DEL AYUNTAMIENTO DE VERÍN

En la sexta edición del Festival Internacional de Cortos de Verín queremos hacer nuestra la frase del profesor Hubby en la película Inteligencia Artificial, dirigida por Steven Spielberg, cuando aseguraba que “el más grande don humano es la habilidad de perseguir sus propios sueños”. Por segundo año consecutivo, contra viento y pandemia, desde las orillas del Támega queremos seguir persiguiendo nuestros sueños, y demostrar que se pueden organizar eventos culturales, de manera segura, y adaptados a las actuales restricciones sanitarias.

Y además, como en Verín también tomamos muy en serio la recomendación de James Stewart en La ventana indiscreta, dirigida por el inmortal Hitchcock, cuando aconsejaba que “deberíamos dejar de ser tan mirones, y en vez de mirar tanto hacia afuera, dedicarnos más a mirar hacia el interior”, este año presentamos todo un despliegue de talento interno, para atraer la mirada de directores de todo el mundo hacia nuestro granero local. Os animamos a todas y todos a disfrutar con Tierra de leche y miel, de nuestro vecino Héctor Domínguez-Viguera, del documental Capuchóns, del también verinés Íñigo Rolán Taboada, y de la webserie ourensana Los tiempos muertos del führer, todos ellos productos premium “made in Val de Monterrei”.

Convocamos a participar en el VI FIC Vía XIV a todas y todos los amantes del cine, recordándoos que, con el fin de optimizar al máximo el acceso a nuestra programación, este año todos los cortos a concurso estarán disponibles online, mediante una sala virtual. Del mismo modo, las actividades paralelas se transmitirán vía streaming, garantizando así que el público comparta con nosotros todas las novedades del programa sin riesgo.

Comenzábamos nuestro camino hace ahora seis años bajo la premisa de que, como se afirma en Prometheus, de Ridley Scott, “todas las grandes cosas tienen pequeños comienzos”. Hoy reflexionamos, en lo que respecta a la presente edición, que no son tiempos de crecer, sino de mantenerse. Y para eso, contamos contigo. Muchas gracias por acompañarnos de nuevo en este viaje y disfrutar con nosotros de las cuatro categorías a concurso, que representan lo más intrínseco de nuestra alma fronteriza: Horizontes, Outra Mirada, A Raia y Nova. Muchas gracias a todas y todos por acompañarnos un año más.

**Gerardo Seoane Fidalgo, alcalde de Verín, e
Emilia Somoza Basalo, concelleira de Cultura**



SAÚDA DO EQUIPO ORGANIZADOR DO FESTIVAL

O FIC Vía XIV de Verín trae ata a nosa vila, un ano máis, unha selección das curtas máis interesantes que se realizaron ao longo do último ano en diferentes puntos do globo. Ao longo das cinco edicións anteriores do certame, afondouse no fito da internacionalización e iso supón que se poida ver en Verín unha escolma de curtas de calidade de diversos países, moitas das cales foron xa recoñecidas noutros festivais e, moitas outras delas, estamos seguros, serano no futuro.

Xunto á internacionalización, outro dos fitos máis salientables acadados polo FIC Vía XIV ten que ver coa súa retansmisión online este ano, a través de Festhome e coa súa chegada a todos os públicos, incluídos os cativos e cativas. Deste xeito, deseñamos de novo unha completa axenda de actividades paralelas, entre as que salientan sesións infantís para que os máis pequenos poidan gozar da maxia do cinema.

O FIC Vía XIV de Verín acolle, por outra banda, neste 2021 a preestrea en Galicia do documental Tierra de leche y miel, cuxo equipo directivo está moi ligado ao noso festival. Un festival que, co seu patrocinio, fixo posible a realización deste proxecto asinado por Héctor Domínguez-Viguera, Gonzalo Recio e Carlos Mora.

Musicalización de cinema mudo en directo, proxección de curtas do Tempo Documentary Festival (Suecia) ou homenaxe a traxectoria do actor Sergio Pazos constitúen algúns outros dos asuntos que o FIC Vía XIV 2021 trae consigo, a modo de actividades paralelas. Un total de 26 curtas van poder verse no concurso oficial, enmarcadas coma sempre nas categorías que definen o noso certame: Horizontes, Outra Mirada, A Raia e Nova. A primeira delas ten que ver coa idea simbólica da emigración; a segunda está dedicada de xeito metafórico ao Entroido; a terceira recolle curtas realizadas a ambas as dúas beiras da fronteira galego-portuguesa e na categoría Nova selecciónanse curtas que non teñen cabida noutras temáticas, filmes contemporáneos que non se rexen por formatos industriais obsoletos.

Confiamos en contar co apoio de todas e todos os verinenses, coma en anos anteriores, para que tanto a sección oficial como a axenda de actividades paralelas sexan un éxito en termos de asistencia. Ao igual que o ano pasado, o FIC Vía XIV de Verín 2021 deseñou un completo protocolo anti-Covid para que a asistencia ás sesións sexa segura. Porque agora máis ca nunca, a cultura non pode deterse.

SALUDA DEL EQUIPO ORGANIZADOR DEL FESTIVAL

El FIC Vía XIV de Verín trae hasta nuestra villa, un año más, una selección de los cortos más interesantes que se realizaron a lo largo del último año en diferentes puntos del globo. A lo largo de las cinco ediciones anteriores del certamen, se ahondó en el hito de la internacionalización y eso supone que se pueda ver en Verín una selección de cortos de calidad de diversos países, muchos de los cuales ya fueron reconocidos en otros festivales y, muchos de ellos, estamos seguros, lo serán en el futuro.

Junto a la internacionalización, otro de los hitos más destacables alcanzados por el FIC Vía XIV tiene que ver con su retransmisión online este año, a través de Festhome, y con su llegada a todos los públicos, incluidos los niños y niñas. De esta manera, diseñamos de nuevo una completa agenda de actividades paralelas, entre las que destacan sesiones infantiles para que los más pequeños puedan gozar de la magia del cine.

El FIC Vía XIV acoge, por otro lado, en este 2021 el preestreno en Galicia el documental Tierra de leche y miel, cuyo equipo directivo está muy ligado a nuestro festival. Un festival que, con su patrocinio, hizo posible la realización de este proyecto firmado por Héctor Domínguez-Viguera, Gonzalo Recio y Carlos Mora.

Musicalización de cine mudo en directo, proyección de cortos del Tempo Documentary Festival (Suecia) o un homenaje a la trayectoria del actor Sergio Pazos constituyen algunos otros de los asuntos que el FIC Vía XIV 2021 trae consigo, a modo de actividades paralelas.

Un total de 26 cortos se van a poder ver en el concurso oficial, enmarcadas como siempre en las categorías que definen nuestro certamen: Horizontes, Outra Mirada, A Raia e Nova. La primera de ellas tiene que ver con la idea simbólica de la emigración; la segunda está dedicada de manera metafórica al Entroido; la tercera recoge cortos realizados en ambos lados de la frontera gallego-portuguesa y en la categoría Nova se seleccionan cortos que no tienen cabida en otras temáticas, filmes contemporáneos que no se rigen por formatos industriales obsoletos.

Confiamos en tener el apoyo de todas y todos los verinenses, como en años anteriores, para que tanto la sección oficial como la agenda de actividades paralelas sean un éxito en términos de asistencia. Al igual que el año pasado, el FIC Vía XIV de Verín 2021 diseñó un completo protocolo anti-Covid para que la asistencia a las sesiones sea segura. Porque ahora más que nunca, la cultura no se puede detener.



XURADO E PREMIOS

Membros do xurado oficial do FIC Vía XIV 2021

Salette Ramalho: Nada en 1977, en Vila do Conde, estudou arquitectura e licenciouse en Artes-Pintura en 2002 en Porto. Realizou varias exposicións neste campo. Entre 1997 e 2007 foi membro da Xunta Directora e Programadora do Cineclub de Vila do Conde. Foi xurado en varios festivais de cinema como Interfilm Berlín (2005, Alemaña), Rencontres Audiovisuelles Lille (2009, Francia) Imago Fundão (2009, Portugal) e Nouveau Cinema Montreal (2012, Canadá). En 2011 e 2016, formou parte da xunta de expertos para o financiamento da produción-curtametraxes de animación, longametraxes de animación, series de animación, proxectos documentais e innovación audiovisual no Instituto Portugués de Cine. Dende 2009, é membro do comité de selección do Festival Internacional de Cine Curtas Vila do Conde.

Chema Paz Gago: Natural de Celanova, Chema Paz Gago é director da Semana Internacional de Cine de Betanzos e membro do Padroado da Fundación Carlos Velo, única fundación no eido audiovisual de Galicia e organizadora responsable do OUFF (Festival de Cine de Ourense). Catedrático de Literatura Comparada da Universidade da Coruña, onde foi director do seu Servizo de Medios Audiovisuais e do Mestrado en Estudos Teatrais e Cinematográficos, é autor de numerosas publicacións sobre teoría e historia do cinema e especialista nas relacións entre literatura e cine.

Nora Sola: Xornalista, empresaria e directora de sete edicións do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, Nora Sola é unha profesional que estivo toda a súa vida vinculada aos medios de comunicación. Posúe unha ampla experiencia en prensa, radio e televisión que abrangue todos os campos, desde a produción ata a dirección en todos e cada un dos seus proxectos. Na actualidade e tras a súa xubilación é colaboradora habitual en diferentes programas de radio e televisión, coordinadora do Club de Lectura e do Grupo de Teatro Leído Berenguela, así como vicepresidenta do Club de Leones Ourense Calpurnia.

Establécense os seguintes premios:

- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial Outra Mirada: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Horizontes: 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial A Raia (patrocinado pola Eurocidade Chaves - Verín): 750€ e Trofeo.
- Premio do Xurado á Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial Nova (patrocinado por Fundación Dentalnova): 750€ e Trofeo.
- Premio Especial do Público á Mellor Curtametraxe: 600€ e Trofeo.
- Premio NUMAX á distribución: unha semana en carteleira no cinema NUMAX de Santiago de Compostela.

JURADO Y PREMIOS

Miembros del jurado oficial del FIC Vía XIV 2021

Salette Ramalho: Nacida en 1977, en Vila do Conde, estudió arquitectura y se licenció en Artes - Pintura en 2002 en Oporto. Realizó varias exposiciones en este campo. Entre 1997 y 2007 fue miembro de la Junta Directiva y Programadora del Cineclub de Vila do Conde. Fue jurado en varios festivales de cine como Interfilm Berlín (2005, Alemania), Rencontres Audiovisuelles Lille (2009, Francia), Imago Fundão (2009, Portugal), Nouveau Cinema Montreal (2012, Canadá). En 2011 y 2016, formó parte de la junta de expertos para la financiación de la producción - cortometrajes de animación, largometrajes de animación, series de animación, proyectos documentales e innovación audiovisual - en el Instituto portugués de cine. Desde 2009 es miembro del comité de selección del Festival Internacional de Cine Curtas Vila do Conde.

Chema Paz Gago: Natural de Celanova, Chema Paz Gago es director de la Semana Internacional de Cine de Betanzos y miembro del Patronato de la Fundación Carlos Velo, única fundación del ámbito audiovisual de Galicia y organizadora responsable del OUFF (Festival de Cine de Ourense). Catedrático de Literatura Comparada de la Universidad de A Coruña, donde fue director de su Servicio de Medios Audiovisuales y del Máster en Estudios Teatrales y Cinematográficos, es autor de numerosas publicaciones sobre teoría e historia del cine y especialista en las relaciones entre literatura y cine.

Nora Sola: Periodista, empresaria y directora de siete ediciones del Festival Internacional de Cine Independiente de Ourense, Nora Sola es una profesional que ha estado toda su vida vinculada a los medios de comunicación. Posee una amplia experiencia en prensa, radio y televisión que abarca todos los campos, desde la producción hasta la dirección en todos y cada uno de sus proyectos. En la actualidad y tras su jubilación, es colaboradora habitual en diferentes programas de radio y televisión, coordinadora del Club de Lectura del Grupo de Teatro Leido Berenguela, así como vicepresidenta del Club de Leones Ourense Calpurnia.

Se establecen los siguientes premios:

- Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial Outra Mirada: 750€ e Trofeo.
- Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Horizontes: 750€ e Trofeo.
- Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial A Raia (patrocinado por la Eurocidade Chaves - Verín): 750€ e Trofeo.
- Premio del Jurado al Mejor Cortometraje de la Categoría Oficial Nova (patrocinado por Fundación Dentalnova): 750€ e Trofeo.
- Premio Especial del Público al Mejor Cortometraje: 600€ e Trofeo.
- Premio NUMAX a la distribución: una semana en cartelera en el cine NUMAX de Santiago de Compostela.



CALENDARIO DE PROYECCIONES

HORA						Sábado 4	Domingo 5
17:00 h							
18:00 h							NOVA 1
19:45 h						20:00h	<small>INAUGURACION</small> Preestrea do documental "Tierra de leite y miel" CASPERVEN TRIO Masculización de cine mudo en directo
22:15 h						23:00h	<small>Electro Sema</small> COLECTIVO ADRIAN CASADO NENO LANCERES ANELADO A RAIA 2
Luns 6 Martes 7 Mércores 8 Xoves 9 Venres 10 Sábado 11 Domingo 12							
10:00 h							
12:30 h							
17:00 h		<small>Presentación de Webserie "Los Desaparecidos del Fábber"</small> CAPUCHONS	OUTRA MIRADA 1	HORIZONTES 1			
18:45 h	OUTRA MIRADA 1	A RAIA 1	NOVA 2	A RAIA 2	NOVA 3	18:00h	Cinema en familia "FANTASIA"
21:00 h	HORIZONTES 1	NOVA 1	<small>Festival Invitado Tempo Documentary (Suecia)</small> NOVA 3	<small>Presentación de libro "Sonido en audiovisuales Ramel Godas Tralvez 1"</small> NOVA 2	<small>Homenaxe Sergio Pazos</small> A RAIA 1	 21:00h GAÑADORES	
22:30 h	<small>Concerto Verio (Exterior Auditorio)</small> NOVA 3		NOVA 2	A RAIA 1			

CURTAS E CATEGORÍAS

NOVA 1

GRAB THEM
 AUTOPSIA DE UN RELATO PERIODÍSTICO
 LA COLCHA Y LA MADRE
 FORASTERA

A RAIA 2

O CORDEIRO DE DEUS
 OS CORPOS
 ELO
 AUGAS ABISAIS

NOVA 2

STEPHANIE
 THE GAME
 THE LETTER ROOM

HORIZONTES 1

ANIKSHA
 LA ERMITAÑA
 NHA MILA

NOVA 3

STICKER
 A CAMBIO DE TU VIDA
 DA YIE

OUTRA MIRADA 1

À PROPOS DE LANZAROTE EN GÉNÉRAL
 A FILM
 THE END OF SUFFERING
 MAALBEK
 AL MOTOCICLISTA NO LE CABE LA FELICIDAD EN EL TRAJE

A RAIA 1

A MORDIDA
 SOMOS CÁRCERE
 REALITY
 LA PENUMBRA



ACTIVIDADES PARALELAS

ACTO INAUGURAL

04.09.2021 (20.00h)

A VI edición do FIC Vía XIV de Verín arrincará cun acto inaugural de presentación do certame, no que se desvelarán as singularidades das curtas que compiten nesta edición, así como a completa axenda de actividades paralelas programada.

ACTO INAUGURAL

04.09.2021 (20.00h)

La VI edición del FIC Vía XIV de Verín arrancará con un acto inaugural de presentación del certamen, en el que se desvelarán las singularidades de los cortos que compiten en esta edición, así como la completa agenda de actividades paralelas programada.

PREESTREA DE TIERRA DE LECHE Y MIEL

04.09.2021 (20.00h)

O FIC Vía XIV de Verín acollerá, no marco da súa sexta edición que se celebrará a comezos de setembro, a preestrea en Galicia do documental Tierra de leite e miel, dirixido polo verinés Héctor Domínguez-Viguera xunto a Gonzalo Recio e Carlos Mora. Un traballo que gañou a sección DOC na 65 edición do festival Seminci de Valladolid e cuxo equipo directivo está moi ligado ao Festival Internacional de Curtas de Verín, que co seu patrocinio fixo posible a finalización deste documental.

PREESTRENO DE TIERRA DE LECHE Y MIEL

04.09.2021 (20.00h)

El FIC Vía XIV de Verín acogerá, en el marco de su sexta edición que se celebrará a comienzos de septiembre, el preestreno en Galicia del documental Tierra de leche y miel, dirigido por el verinés Héctor Domínguez-Viguera junto a Gonzalo Recio y Carlos Mora. Un trabajo que ganó la sección DOC en la 65 edición del festival Seminci de Valladolid y cuyo equipo directivo está muy ligado al Festival Internacional de Cortos de Verín, que con su patrocinio hizo posible la finalización de este documental.

ACTIVIDADES PARALELAS

MUSICALIZACIÓN DE CINEMA MUDO EN DIRECTO

05.09.2021 (20.00h)

No seu afán por ligar música e cinema, o FIC Vía XIV programa unha actividade paralela a cargo do Casperverk Trío, unha agrupación formada polo pianista Brais González, por Tonio Comesaña a cargo do clarinete e por Laura Lorenzo (flauta). O aceno de identidade deste grupo é sempre o do respecto polos filmes que musicalizan utilizando elementos do jazz clásico, a música contemporánea, o folk ou a electrónica. O Trío musicalizará o filme clásico, O maquinista da xeral, feito en 1926 por Buster Keaton.

MUSICALIZACIÓN DE CINE MUDO EN DIRECTO

05.09.2021 (20.00h)

En su afán por ligar música y cine, el FIC Vía XIV programa una actividad paralela a cargo de Casperverk Trío, una agrupación formada por el pianista Brais González, por Tonio Comesaña a cargo del clarinete y por Laura Lorenzo (flauta). La señal de identidad de este grupo es siempre la del respeto por los films que musicalizan utilizando elementos del jazz clásico, la música contemporánea, el folk o la electrónica. El Trio musicalizará el filme clásico El maquinista de la general, relizado en 1926 por Buster Keaton.

WEBSERIE: OS TEMPOS MORTOS DO FÜHRER

07.09.2021 (17.00h)

A VI edición do FIC Vía XIV de Verín acolle a presentación da webserie Os tempos mortos do Führer, un proxecto nado en Ourense e rodado en galego, cuxo teaser foi filmado no Retiro do Conde, en Vilaza (Monterrei). A webserie pretende ofrecer respostas ao espectador, en clave de ficción, sobre todo aquilo que ocupaba a Hitler nos seus ratos libres máis íntimos. Ao longo de dez capítulos de cinco minutos cada un, a webserie amosa a cara oculta do seu día a día, afondando nos seus enredos, problemas, risas e sentimentos cun ton de comedia e satírico.



WEBSERIE: LOS TIEMPOS MUERTOS DEL FÜHRER

07.09.2021 (17.00h)

La VI edición del FIC Vía XIV de Verín acoge la presentación de la webserie Los tiempos muertos del Führer, un proyecto nacido en Ourense y rodado íntegramente en gallego cuyo teaser fue filmado en O Retiro do Conde, en Villaza (Monterrei). La webserie pretende ofrecer respuestas al espectador, en clave de ficción, sobre todo aquello que ocupaba a Hitler en sus ratos libres más íntimos. A lo largo de diez capítulos de cinco minutos cada uno, la webserie muestra la cara oculta de su día a día, ahondando en sus enredos, problemas, risas y sentimientos con un tono de comedia y satírico.

ESTREA EN VERÍN DE CAPUCHÓNS, UNHA CURTA DE ÍÑIGO ROLÁN

08.09.2021 (17.00h)

Durante a VI Edición do FIC Vía XIV, estrearse de xeito oficial Capuchóns, unha curta documental sobre o Entroido de Verín elaborada por Íñigo Rolán Taboada como traballo de fin de grao. Esta peza, de 13 minutos, recupera a través de imaxes de arquivo inéditas e testemuñas dos protagonistas do carnaval a esencia desta festa durante os anos 70, 80 e 90. A estrea contará coa participación do director da peza e das persoas que constitúen a voz en off deste documental.

A curta aborda unha época na que as celebracións mantiñan un carácter enxebre, na que a farriña estaba presente todos os días e na que as carrozas non lucían só o Domingo de Entroido. Un manifesto a prol da volta a unhas tradicións que se perderon desde hai moito anos debido á visión máis turística que colleu o Carnaval de Verín.

ESTRENO EN VERÍN DE CAPUCHÓNS, UN CORTO DE ÍÑIGO ROLÁN

08.09.2021 (17.00h)

Durante la VI Edición do FIC Vía XIV, se estrenará de forma oficial Capuchóns, un corto documental sobre el Entroido de Verín elaborado por Íñigo Rolán Taboada como trabajo de fin de grado. Esta pieza, de 13 minutos, recupera a través de imágenes de archivo inéditas y testigos de los protagonistas del carnaval la esencia de esta fiesta durante los años 70, 80 y 90. El estreno contará con la participación del director de la pieza y de las personas que constituyen la voz en off de este documental.

El corto aborda una época en la que las celebraciones mantenían un carácter propio, en la que la harina estaba presente todos los días y en las que las carrozas no solo lucían el Domingo de Carnaval. Un manifesto a favor de la vuelta de unas tradiciones que se perdieron desde hace muchos años debido a la visión más turística adquirida por el Carnaval de Verín.

PRESENTACIÓN DO LIBRO SON EN AUDIOVISUAIS

09.09.2021 (20.30h)

O verinés Rafael Godás Ibáñez e o sevillano Marco García Torres, estarán en Verín para achegar aos asistentes: técnicas, trucos e exemplos de probada eficacia para que poidan empezar a crear bandas sonoras con resultados profesionais. Farano presentando a súa obra Son para audiovisuais.

PRESENTACIÓN DEL LIBRO SONIDO EN AUDIOVISUALES

09.09.2021 (20.30h)

El verinés Rafael Godás Ibáñez y el sevillano Marco García Torres, estarán en Verín para acercar a los asistentes: técnicas, trucos y ejemplos de probada eficacia para que puedan empezar a crear bandas sonoras con resultados profesionales. Lo harán presentando su obra Sonido en audiovisuales.

FESTIVAL CONVIDADO: TEMPO DOCUMENTARY FESTIVAL

08.09.2021 (20.30h)

O Tempo Documentary Festival de Suecia, un dos máis arraigados festivais audiovisuais do país escandinavo que este ano acadou a súa XXII edición, será o festival convidado pola organización do FIC Vía XIV de Verín na súa VI edición.

O Tempo Documentary Festival celebrou a súa última edición en marzo deste ano e fíxoo de xeito dixital, case completamente. Incluso a entrega de trofeos se celebrou en modo dixital. O Tempo Documentary Festival, o máis grande de documentais de toda Suecia, fundouse no ano 1998 e ao longo do tempo estableceuse como un foro único para a presentación de traballos documentais internacionais máis aló das fronteiras tradicionais.

FESTIVAL INVITADO: TEMPO DOCUMENTARY FESTIVAL

08.09.2021 (20.30h)


El Tempo Documentary Festival de Suecia, uno de los más arraigados festivales audiovisuales del país escandinavo que este año alcanzó su XXII edición, será el festival invitado por la organización del FIC Vía XIV de Verín en su VI edición.

El Tempo Documentary Festival celebró su última edición en marzo de este año y lo hizo de modo digital, casi completamente. Incluso la entrega de trofeos se celebró en modo online. El Tempo Documentary Festival, el más grande de documentales de toda Suecia, se fundó en el año 1998 y a lo largo del tiempo se ha establecido como un foro único para la presentación de trabajos documentales internacionales más allá de las fronteras tradicionales.

ESTAS SON AS CURTAS QUE PODERÁN VERSE EN VERÍN:
ESTOS SON LOS CORTOS QUE PODRÁN VERSE EN VERÍN:



A MOTHER'S BODY



Jonelle Twun
Suecia - 2020
8'12"

Jonelle Twun

Nada en 1992, Jonelle Twun é unha investigadora e escritora que traballa usando arquivos e o cinema para explorar varias gamas de preguntas a través das perspectivas e coas narrativas de figuras menores / ignoradas / non recoñecidas.

Sinopse | Sinopsis


Retrato íntimo de dúas limpadoras de hotel dende a perspectiva dunha filla. Mentres as mulleres realizan o seu traballo diario, a filla reflexiona sobre como a profesión afecta aos seus corpos e ás súas relacións. Mentres tanto, as mulleres navegan e negocian as demandas do traballo extenuante con experiencia, precisión e beleza.

Retrato íntimo de dos limpiadoras de hotel desde la perspectiva de una hija. Mientras las mujeres realizan su trabajo diario, la hija reflexiona sobre cómo su profesión afecta a sus cuerpos y a sus relaciones. Mientras tanto, las mujeres navegan y negocian las demandas del trabajo extenuante con experiencia, precisión y belleza.

Jonelle Twun

Nacida en 1992, Jonelle Twun es una investigadora y escritora que trabaja utilizando archivos y el cine para explorar varias gamas de preguntas a través de las perspectivas y con las narrativas de figuras menores / ignoradas / no reconocidas.

BETWEEN THESE FOLDED WALLS, UTOPIA



Sarah Cooper, Nina Gorfer
Suecia - 2020
15'

Sarah Cooper, Nina Gorfer
As artistas Sara Cooper (EE.UU., 1974) e Nina Gorfer (Austria, 1979) traballan dende hai máis dunha década con narrativas de identidade. Son coñecidas polos seus retratos híbridos, un traballo articulado sobre os desexos inaparentes e ocultos, explorando temas da memoria histórica e as influencias socioculturais, e con profundo interese na historia feminina.

Sarah Cooper, Nina Gorfer
Las artistas Sarah Cooper (EE.UU., 1974) y Nina Gorfer (Austria, 1979) han trabajado durante más de una década con narrativas de identidad. Son conocidas por sus retratos híbridos, un trabajo que se articula sobre los deseos inaparentes y ocultos, explorando temas de memoria y las influencias socioculturales y con profundo interés en la historia femenina.

Sinopse | Sinopsis

Película sobre a perda da utopía e da nosa capacidade de soñar de novo. Protagonizada por mulleres novas cuxas vidas se viron afectadas pola migración forzada, a película imaxina un xoguetón teatro utópico, onde cada muller entrega un manifesto persoal mentres se capta unha realidade proxectada de paisaxes surrealistas e laberínticos xardíns.

Película sobre la pérdida de la utopía y de nuestra capacidad de soñar de nuevo. Protagonizada por mujeres jóvenes cuyas vidas se han visto afectadas por la migración forzada, la película imagina un jugueteo teatro utópico, donde cada mujer entrega un manifiesto personal mientras se captura en una realidad proyectada de paisajes surrealistas y laberínticos jardines.



LIHKKU!



Irma Bergdahl
Suecia - 2020
8'

Irma Bergdahl
Bergdahl, de 22 anos, é unha cineasta de orixe sami e residente en Estocolmo. A súa forma de facer punk poético atraeu a atención e fíxolle gañar o premio Uppsala Earlybird no Festival de Curtametraxes de Uppsala 2020 coa película Lihkku!, o seu debut no cinema.

Irma Bergdahl
Bergdahl, de 22 años, es una cineasta de origen sami y residente en Estocolmo. Su forma de hacer punk poético ha atraído la atención y le ha hecho ganar el premio Uppsala Earlybird en el Festival de Cortometrajes de Uppsala 2020 para la película Lihkku!, su debut en el cine.

Sinopse | Sinopsis

Mestura fragmentos de arquivo ásperos xunto con poemas de Ella-Maria Nutti nun expresivo traballo para a súa escola de cine. O resultado é un artificio visual e unha historia poética punk-intransigente que trata sobre a opresión e os prexuízos contra o pobo sami e, simultaneamente, unha declaración de amor polos mozos sami que seguen loitando.

Mezcla fragmentos de archivo ásperos junto con poemas de Ella-Maria Nutti en un expresivo trabajo para su escuela de cine. El resultado es un artificio visual y una historia poética punk-intransigente que trata sobre la opresión y los prejuicios contra el pueblo sami y, simultáneamente, una declaración de amor por los jóvenes sami que siguen luchando.

OBITUARY



Sinopse | Sinopsis

Un retrato fragmentario de Horacio, un exiliado argentino e apaixonado ornitólogo, cuxa morte nun suburbio sueco pasou desapercibida durante dous anos. Quen era e como puido rematar na soidade máis absoluta?

Un retrato fragmentario de Horacio, un exiliado argentino y apasionado ornitólogo, cuya muerte en un suburbio sueco pasó desapercibido durante dos años. ¿Quién era, y cómo pudo terminar en la soledad más absoluta?

Simón Revilla

Suecia/Arxentina Suecia/Argentina - 2021
9'30"

Simón Revilla

Nado en 1991, Revilla é un cineasta sueco-boliviano residente en Estocolmo. Dirixiu varias curtame-traxes e documentais galardoados presentados en festivais de todo o mundo (Cannes, BAFICI, Tempo). O seu traballo explora temas como a identidade, a memoria e a autenticidade.

Simón Revilla

Nacido en 1991, Revilla es un cineasta sueco-boliviano con sede en Estocolmo. Ha dirigido varios cortometrajes y documentales galardonados que se han presentado en festivales de todo el mundo (Cannes, BAFICI, Tempo). Su trabajo explora temas como la identidad, la memoria y la autenticidad.



VOICES OF OUR TIME



Pelle Wichmann

Suecia - 2020
9'22"

Pelle Wichmann

Nado en 1948 en Estocolmo, Wichmann é un documentalista e fotógrafo sueco. Unha das suas películas, Tail coats and pigs, describe as novatadas, brutais ritos iniciáticos habituais nas universidades de Suecia. Tras a súa emisión na televisión nacional, as ditas novatadas reducíronse notablemente.

Pelle Wichmann

Nacido en Estocolmo en 1948, Wichmann es un documentalista y fotógrafo sueco. Una de sus películas, Tail coats and pigs, describe las novatadas, brutales ritos de iniciación habituales en muchas universidades de Suecia. Tras su emisión en la televisión nacional, dichas novatadas se redujeron considerablemente.

Sinopse | Sinopsis

As torres de enfriamento das centrais eléctricas de carbón son fermosas e aterradoras. Atópanse en todo o planeta pero rara vez atopamos persoas que vivan á sombra deses xigantescos edificios. Na película, contan os aspectos máis importantes das súas vidas, os problemas máis íntimos do corazón. Parados fronte a eses enormes símbolos da fatídica cuestión do noso tempo, crean un drama discreto pero sorprendente.

Las torres de enfriamiento de las centrales eléctricas de carbón son hermosas y aterradoras. Se encuentran en todo nuestro planeta pero rara vez nos encontramos personas que vivan a la sombra de estos gigantescos edificios. En la película, cuentan los aspectos más importantes de sus vidas, los problemas más íntimos del corazón. Parados frente a estos enormes símbolos de la fatídica cuestión de nuestro tiempo, crean un drama discreto pero sorprendente.

HOMENAJE Á TRAXECTORIA PROFESIONAL DE SERGIO PAZOS

10.09.2021 (20.30h)

Sergio Pazos será homenaxeado no FIC de Verín. Este artista ourensán con experiencia multidisciplinar traballou en teatro, en cinema, en televisión e, ademais, foi reporteiro en programas como o ben coñecido Caiga quien caiga. O FIC Vía XIV quere renderlle homenaxe cunha actividade que inclúe o visionado dalgunhas das curtametraxes máis representativas da súa carreira.

HOMENAJE A LA TRAYECTORIA PROFESIONAL DE SERGIO PAZOS

10.09.2021 (20.30h)

Sergio Pazos será homenaxeado en el FIC de Verín. Este artista ourensano con experiencia multidisciplinar ha trabajado en teatro, cine y televisión y, además, fue reportero en programas como el bien conocido Caiga quien caiga. El FIC Vía XIV quiere rendirle homenaje con una actividad que incluye el visionado de algunos de los cortometrajes más representativos de su carrera.

GALA FINAL

11.09.2021 (20.30h)

A gala final do FIC Vía XIV acolle a tradicional entrega de premios coa participación de convidados e convidadas do máis alto nivel do audiovisual galego, actividades e veciñanza. Un formato de gala que mestura música e humor e que conta con todos os elementos á altura das galas máis sobranceiras do audiovisual.

GALA FINAL

11.09.2021 (20.30h)

La gala final del FIC Vía XIV acoge la tradicional entrega de premios con la participación de invitados e invitadas de más alto nivel del audiovisual gallego, actividades y vecinanza. Un formato de gala que mezcla música y humor y que cuenta con todos los elementos a la altura de las galas más destacables del audiovisual.



SESIÓN DE CINEMA INFANTIL

12.09.2021 (18.00h)

Este ano, o FIC de Verín ofrece un pase para os máis pequenos e pequenas. O clásico de Disney de 1940, Fantasía, será proxectado en Verín.

SESIÓN DE CINE INFANTIL

12.09.2021 (18.00h)

Este año, el FIC de Verín ofrece un pase para los más pequeños y pequeñas. El clásico de Disney de 1940, Fantasía, será proyectado en Verín.

PROYECCIÓN DAS CURTAS GAÑADORAS

12.09.2021 (21.00h)

O palmarés do Fic Vía XIV 2021 será proxectado no Auditorio para todos aqueles interesados en visionar as obras gañadoras.

PROYECCIÓN DE LOS CORTOS GANADORES

12.09.2021 (21.00h)

El palmarés del Fic Vía XIV 2021 se proyectará en el Auditorio para todos aquellos interesados en visionar las obras ganadoras del Festival.



**GUÍA DE CURTAS
FIC VIA XIV 2021**

**GUÍA DE CORTOS
FIC VIA XIV 2021**

AUTOPSIA DE UN RELATO PERIODÍSTICO



Alejandro Dueñas, Paulina Quiroz, Alex Ruggeri, Julia Sainz y Elisa G. Carrasco
España - 2020 - 16'44"

Alejandro Dueñas, Paulina Quiroz, Alex Ruggeri, Julia Sainz y Elisa G. Carrasco

Col·lectiu U é un grupo que nace do Mestrado de Cinema Documental da UAB e está formado por: Alejandro Dueñas, un mestre imitando a persoas e personaxes; Paulina Quiroz, unha mexicana confusa que aínda non sabe cando se emprega o "ole"; Alex Ruggeri, un "mozo Gràcia" que pensa que en Gràcia non hai hipsters; Julia Sainz, probablemente a persoa co récord de máis palabras ditas nun día; e Elisa G. Carrasco, escritora desta biografía que xa me define por sí soa.

Sinopse | Sinopsis

En tempos de sobredose informativa e fake news, o cine recupera a súa misión de retratar a realidade. Partindo de sucesos acontecidos en Barcelona, a película enfróntase á diversidade de versións sobre os mesmos feitos.

En tiempos de sobredosis informativa y fake news, el cine recupera su misión de retratar la realidad. Partiendo de sucesos ocurridos en Barcelona, la película se enfrenta a la diversidad de versiones sobre los mismos hechos.

Alejandro Dueñas, Paulina Quiroz, Alex Ruggeri, Julia Sainz y Elisa G. Carrasco

Col·lecti U es un grupo que nace del Máster de Cine Documental de la UAB y está formado por: Alejandro Dueñas, un maestro imitando a personas y personajes; Paulina Quiroz, una mexicana confusa que aún no sabe cuándo se usa el 'ole'; Alex Ruggeri, un "chico Gràcia" que considera que en Gràcia no hay hipsters; Julia Sainz, probablemente la persona con el récord de más palabras dichas en un día; y Elisa G. Carrasco, escritora de esta biografía que ya me define por sí sola.

FORASTERA



Lucía Aleñar
España - 2020
19'51"

Lucía Aleñar

Nada en Madrid e residente en Nova York, Lucía Aleñar atópase completando o último semestre de seu Mestrado en Guión na Universidade de Columbia. Traballou como line producer para directoras de documentais como Peggy Stern, Tina Di Felicianantonio e Jane Wagner. Asistiu á directora de casting Jennifer Vendetti no casting de películas como Good Time dos irmáns Safdie.

Lucía Aleñar

